

## Foro Xuventude en Movemento

**Datas: 09 e 10 de novembro de 2016**

**Sede:** Facultade de Economía e Empresa, Campus de Elviña, Universidade da Coruña

**Organizador:** Universidade da Coruña (UDC) e Europe Direct A Coruña

**Obxectivo:** O principal obxectivo é informar ás persoas mozas sobre as diferentes ferramentas e programas que poden utilizar para mellorar as súas habilidades, coñecementos e oportunidades de emprego.

O Foro permitirá ás persoas mozas obter información sobre vivir, estudar e traballar na Unión Europea, e sobre emprendemento, para poder mellorar as súas habilidades cara ao emprego.

**Destinatarios:** estudantes universitarios/as, titulados/as universitarios/as, persoas interesadas en incrementar as súas habilidades de comunicación, persoas interesadas en estudar e/ou desenvolver a súa profesión noutro país da Unión Europea e aquelas persoas emprendedoras que desexen poñer en marcha o seu proxecto empresarial.

**Créditos:** A asistencia e participación nas actividades do Foro Xuventude en Movemento enmarcarase no plano de formación do estudantado para a mellora da empregabilidade e darán lugar ao recoñecemento de 1 crédito para os Títulos de Grao, sempre que se cumpran as seguintes condicións: Estar debidamente inscrito/a nas actividades e Asistir a un mínimo de 3 bloques completos do programa

**Inscripción de balde:** Dende o 17 de outubro ata o 8 de novembro ás 14:00h.

**Programa e inscrición:** [www.xuventudeenmovemento.eu](http://www.xuventudeenmovemento.eu)

**Para as persoas que estén a cursar estudos no Campus de Ferrol estará habilitada a aula de audiovisuais situada no Edificio de Apoio ao Estudo para poder seguir o Foro por videoconferencia.**

SAPE-EmpregoUDC

Pavillón de Estudantes, 1º Andar

Campus de Elviña

15701 A Coruña

[emprego.vepeu@udc.es](mailto:emprego.vepeu@udc.es)

<https://twitter.com/Empregoudc>

<https://www.facebook.com/pages/Emprego-UDC/610846262289746>

981167000 Ext: [3618](tel:3618), [3617](tel:3617), [3616](tel:3616), [2916](tel:2916), 2903, 2901